

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
E URXENTE DO 23 DE DECEMBRO DE 2010**

2.- Resolución de recursos de reposición en materia de contratación.

- Estímase o recurso presentado por EXTRACO S.A., adxudicataria das obras de reurbanización do espazo público da rúa do Espírito Santo, considerando que a demora nas obras debeuse a causas non imputables á mesma, deixando sen efecto as penalidades impostas na Xunta de Goberno do 31 de agosto.
- Estímase parcialmente o recurso presentado por EXTRACO S.A., resultando finalmente de 56 días a demora por causas imputables á empres, quedando a penalidade imposta em 4.676,63 euros.

3.- Prórroga da encomenda de xestión a TUSSA do aparcadoiro de borde en Salgueiriños.

Prorrógase a devandita encomenda ata o 31 de xaneiro de 2011. Así mesmo, acórdase solicitar á Xunta de Galicia, como propietaria da parcela, unha próroga de ocupación temporal da mesma ata o 31 de decembro de 2011.

4.- Autorización de abonos a conta por acopio de materiais na obra de Construcción dunha edificación destinada a escola infantil en Salgueiriños.

Autorízase o abono a conta de ata o 75% dos importes dos acopios.